SESIÓN EXTRAORDIANRIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA 17 / DECEMBRO / 1997

S U M A R I O

1.- DECLARACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

2.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DA SESIÓN DO 22 DE SETEMBRO DE 1.997.

3.- APROBACIÓN ACTA DE RECEPCIÓN OBRAS DE "MELLORA DA PLATAFORMA DA EN-550 DE A CORUÑA A VIGO, ENTRE OS PP.KK. 0 Ó 14, TRAMO REDONDELA A PORRIÑO: ABASTECEMENTO, SANEAMENTO E VARIOS NO MUNICIPIO DE REDONDELA".

4.- APROBACIÓN ACTA RECEPCIÓN OBRAS DE "MELLORA DA PLATAFORMA DA EN-550 DE A CORUÑA A VIGO, ENTRE OS PP.KK. 0 Ó 14, TRAMO REDONDELA A PORRIÑO: ILUMINACIÓN NO CONCELLO DE REDONDELA".

Na Sala de Sesións do Concello de Redondela, ás vinte horas do día dezasete de Decembro de mil novecentos noventa e sete, baixo a Presidencia do Iltmo. Sr. Alcalde, D. AMADO RICON VIRULEGIO e a asistencia dos Sres./as Concelleiros/as: D. MANUEL ALONSO LEMOS, Dª. Mª DEL CARMEN BASTOS RODRIGUEZ, D. JOSE BLANCO PUGA, Dª. FRANCISCA CANAL GOMEZ, D. JAIME DARRIBA VILAS, D. GUMERSINDO FERNANDEZ MENDEZ, D. EMILIO GONZALEZ IGLESIAS, D. XOSE LUIS GRANDE GRANDE, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. LUIS ALBERTO MIGUEZ DOCAMPO, D. LUIS ALBERTO ORGE MIGUEZ, D. XOSE CARLOS PAZOS DOCAMPO, Dª. CECILIA PEREZ ORGE, D. MANUEL PIÑEIRO COSTAS, D. FRANCISCO PUCH CASAL, D. XAIME REI BARREIRO, D. LUIS RODRIGUEZ VILARCHAN, D. JOSE MANUEL SOTO VIRULEGIO, D. JAIME TORNERO LOPEZ, e Dª. JOSEFA VILLAVERDE RODRIGUEZ, actuando como Secretario o da Corporación D. LUIS TORRADO VAZQUEZ, constitúese o Pleno do Iltmo. Concello, en sesión extraordinaria e urxente, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día remesada a tódolos Sres./as Concelleiros/as, coa antelación legalmente requerida. Está tamén presente o Sr. Interventor, D. MODESTO SOLLA SANZ.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.

1.- DECLARACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.-

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. PAZOS DOCAMPO, por este fálase do deterioro no funcionamento deste Concello, pedindo que se convoquen os Plenos co debido tempo, aludindo noutro senso á notificación da celebración dunha Mesa de Contratación para material informático prevista para o día de hoxe ás 14'30 horas, interesando que as notificacións se fagan coa debida antelación para poder intervir nas correspondentes reunións. Remata a súa intervención o citado Sr. Concelleiro sinalando que supoñía que o equipo de goberno xa coñecía que este Pleno ía a celebrarse e polo tanto pudo convocarse con tempo dabondo considerando polo tanto que o mesmo non é urxente.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. GONZALEZ IGLESIAS, polo mesmo manifféstase que aparte de darlle a razón ó Concelleiro Sr. Pazos Docampo no por el manifestado, dí que votará a favor da urxencia desta sesión plenaria, mantendo o compromiso adquirido, e considera así mesmo que os asuntos de aprobación das actas de recepción non son urxentes.

Concedida a palabra pola Presidenica ó Concelleiro SR. SOTO VIRULEGIO, por este sinálase que a urxencia para a celebración desta sesión plenaria é debido a un compromiso adquirido co Ministerio de Fomento, e considera que non hai convinte en que se celebre.

Este Concello Pleno, por unanimidade, acorda pronunciarse favorablemente acerca da declaración de urxencia desta sesión plenaria.-

2.- <u>APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DA SESIÓN DO 22 DE SETEMBRO DE 1.997</u>.-

Pola Presidencia indícase si polos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, tense algo que alegar ó Acta da sesión celebrada con carácter extraordinario e urxente o día 22 de Setembro de 1.997.

Concedida a palabra pola Presidencia, polo Concelleiro SR. PAZOS DOCAMPO indícase que a Acta do Concello Pleno que se trae hoxe a aprobación preséntase cun retraso duns tres meses, polo que polo tempo transcurrido a memoria flaquea para detectar posibles erros, pero que a pesar de ter algún erro ortográfico, non ten inconvinte en prestarlle a súa aprobación.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. GONZALEZ IGLESIAS, por este sinálase que se absterá na aprobación da Acta polo manifestado en repetidas veces de que non se lle prestará aprobación en tanto non se establezca un sistema de grabación das sesións deste Concello Pleno, a pesar de considerar que a aprobación da presente Acta, non é un asunto

urxente.

Se incorpora á sesión o Concelleiro SR. ORGE MIGUEZ.-

Polo Sr. Presidente maniféstase que ante as manifestacións formuladas polo Sr. González Iglesias, cando o citado Sr. Concelleiro formaba parte do equipo de goberno deste Concello, non se grababan as sesións plenarias, e que non ve motivo para que agora se faga.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. GONZALEZ IGLESIAS, por este sinálase que cando formaba parte do equipo de goberno, as sesións plenarias non tiñan tanto debate, e as actas das mesmas tantos erros, e que para evita-los mesmos é o motivo polo que ten solicitado que se grabe.

Non habendo unanimidade de criterios, pola Presidencia sométese a votación este punto da Orde do Día.

Efectuada esta, obtívose o seguinte resultado: Votan favorablemente os/as Sres./as Concelleiros/as do PP (9), os Sres./as Concelleiros do Grupo Mixto (2) e os Sres./as Concelleiros/as do BNG; abstéñense os/as Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE (7). Na súa consecuencia resultou aprobada por maioría de votos a referida Acta da sesión celebrada con carácter extraordinario e urxente o día **22 de Setembro de 1.997**.-

3.- APROBACIÓN ACTA DE RECEPCIÓN OBRAS DE "MELLORA DA PLATAFORMA DA EN-550 DE A CORUÑA A VIGO, ENTRE OS PP.KK. 0 Ó 14, TRAMO REDONDELA A PORRIÑO: ABASTECEMENTO, SANEAMENTO E VARIOS NO MUNICIPIO DE REDONDELA".-

Pola Presidencia dase conta de Proposta desta Alcaldía de data 16 de Decembro de 1.997, que transcrita dí:

"Polo Ministerio de Fomento tense concedido a este Concello axuda económica por importe de 85.829.545.- Pesetas para financiar ó 100% as obras do proxecto de MELLORA DA PLATAFORMA DA EN-550 DE A CORUÑA A VIGO, ENTRE OS PP.KK. 0 Ó 14, TRAMO REDONDELA A O PORRIÑO: ABASTECEMENTO, SANEAMENTO E VARIOS NO MUNICIPIO DE REDONDELA.

Para dar cumprimento ó requisito solicitado polo devandito Ministerio, asumido pola Alcaldía segundo escrito de data 2 de Xullo de 1997, referente á remisión de certificación autorizada polo Pleno da completa realización das obras conforme ó establecido nos proxectos aprobados, prego de cláusulas técnicas e administrativas particulares e contratos, como cuestión previa para facer efectivo o pago, esta Alcaldía, por razóns de

urxencia derivadas do límite do prazo establecido para achegá-lo devandito documento (antes do 20-12-97), somete á consideración do Concello Pleno, a seguinte PROPOSTA:

Vista a Acta de Recepción das obras do proxecto de MELLORA DA PLATAFORMA DA EN-550 DE A CORUÑA A VIGO, ENTRE OS PP.KK. 0 Ó 14, TRAMO REDONDEL A O PORRIÑO: ABASTECEMENTO, SANEAMENTO E VARIOS NO MUNICIPIO DE REDONDELA, na que se indica que se procedeu ó recoñecemento das obras de referencia facéndose constar que as mesmas foron executadas de acordo co contrato e que, na súa vista, polo representante do Concello resolveuse recibi-las citadas obras, significando que a entrega non será firme ata que pola Corporación Municipal de acorde a súa aprobación.

Xa que logo, proponse ó Concello Pleno, a adopción do seguinte acordo:

Prestar aprobación á devandita Acta e na súa virtude ter por recibidas as obras ás que a mesma se refire, iniciándose o cómputo do prazo de garantía."

Visto o informe do Sr. Secretario Xeral do Concello de data 16 de Decembro de 1997, que dí:

"Con frecuencia requírese desta Secretaría a emisión de informes en diversos asuntos, pero non deste asunto que considero que é importante e que alegando a urxencia do mesmo convócase un Pleno extraordinario para a aprobación da referida Acta de Recepción da que non tiven coñecemento ata o instante da convocatoria do Pleno.

Considero que a aprobación da citada Acta de Recepción non é competencia do Pleno por non figurar esta materia entre as atribucións sinaladas a ese organo pola Lei 7/85 no seu Artigo 22, así como no Artigo 23 do RD. 2781/86.

A recepción das obras ven regulada no Artigo 147 en relación co 111.2 da Lei 13/95 de 18 de Maio de Contratos das Administracións Públicas que prevee que á recepción das obras concurrirá un facultativo representante da Administración, o facultativo encargado da dirección de obras e o contratista asistido, si o estima convinte, do seu facultativo.

Segundo sinala o Artigo 147.2 e 3 da Lei antes citada se as obras atópanse en bó estado e con arregro ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta as dará por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía que será o establecido no Prego de Condicións respectivo e nunca inferior a un ano."

Pola Presidencia ábrese o correspondente turno de intervencións.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. PAZOS DOCAMPO, por este maniféstase que comparte a opinión do Sr. Secretario no seu informe, de que este asunto non debería vir ó Pleno, indicando por outro lado que da documentación obrante neste asunto da Orde do Día do presente Pleno non se saca a conclusión de que sexa o Ministerio de Fomento quen acredite a necesidade dun acordo plenario e que si ben ó Pleno este asunto debería ir previamente á Comisión Informativa correspondente e por outro lado non existe informe de Intervención en asunto económico como o presente.

Continúa a súa intervención o citado Sr. Concelleiro indicando que a data da Acta de Recepción das Obras en cuestión é anterior á do informe emitido polo Sr. Enxeñeiro Director das aludidas obras, e que non consta tampouco que ningún órgano de goberno aprobara as modificacións a que alude o técnico citado. Remata a súa intervención dicindo que o expediente en cuestión é impresentable, estando en contra en principio da aprobación dun asunto irregular.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. GONZALEZ IGLESIAS, por este sinálase que o Pleno deste Concello prestou aprobación a dous proxectos aprobados pola Demarcación de Estradas, e que a Dirección Xeral de Estradas ten comunicado a este Concello a existencia de crédito para a referida obra.

Continúa a súa intervención o citado Sr. Concelleiro dicindo que por este equipo de goberno e a través do Sr. Alcalde pediuse información ó Ministerio de Fomento acerca de si hai consignación para a obra de referencia, e se lle contestou que si, pero que se perderon seis meses en face-la obra en cuestión. Así mesmo, na súa intervención o citado Sr. Concelleiro sinala que no expediente en cuestión consta que o Ministerio de Fomento pediulle a este Concello a remisión do Prego de Condicións, e que en Outubro polo citado Organismo se lle volve a recordar ó Concello o envio da citada remisión.

Remata a súa intervención dicindo que as obras en cuestión trátanse dunha reposición de servicios, pero que se fixeron obras a máis e distintas das previstas no proxecto, producíndose unha malversación de fondos públicos, indicando que votará en contra deste asunto, e que esta Intervención servirá para o punto seguinte.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. SOTO VIRULEGIO, por este se considera este asunto legal e que non ve os problemas expostos pola oposición neste asunto, estimando que se trata de opinións distintas neste asunto, remata a súa

intervención dicindo que o Grupo de Goberno aprobará esa Acta de Recepción.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. PAZOS DOCAMPO, por este sinálase que o equipo de goberno deberá de defende-las súas propostas xa que non se da polo seu portavoz ningún argumento en defensa da proposta que se trae a este Pleno, e que o xeito de ser maioría non é democrático, calificando esa actitude como de impresentable, xa que como mínimo debería de intentar convencer á oposición dos seus postulados, considerando que trátase dunha incapacidade política do equipo de goberno, e reitera o seu voto negativo á proposta presentada.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. GONZALEZ IGLESIAS, por este sinálase dirixíndose ó Concelleiro SR. SOTO VIRULEGIO, que non se trata de opinións distintas, senón que o normal e que se lles explique o que se fixo a máis na referida obra. Continúa a súa intervención o citado Sr. Concelleiro dicindo que o equipo de goberno non fai o que ten que facer, presentándolles un expediente sen documentos e sen informes, xa que só hai un informe do Sr. Secretario pero non do Sr. Interventor que é necesario nun asunto económico como este, pero que conste que poden pedilo.

Remata a súa intervención o citado Sr. Concelleiro dicindo que os Concelleiros do PP, ou non saben defenderse ou os seus rectores lles impiden falar, xa que cando falan só cometen erros, e que tratándose dun proxecto promovido polo PSdeG-PSOE cando gobernaba este Concello, e contando o mesmo con crédito suficiente, as irregularidades indican unha posible malversación de fondos públicos, manifestando por último que votará en contra deste asunto.

Non habendo unanimidade de criterios, pola Presidencia sométese a votación o presente asunto.

Efectuada esta, obtivo o seguinte resultado: Votan en contra da proposta da Alcaldía, os/as Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE (7), e os/as Sres./as Concelleiros/as do BNG (3); votan a favor da Proposta citada, os Sres./as Concelleiros/as do PP (9), e os Sres. Concelleiros do Grupo Mixto (2). Na súa consecuencia, por maioría de votos resultou aprobada a Proposta da Alcaldía transcrita, e polo tanto a Acta de Recepción das obras do Proxecto de MELLORA DA PLATAFORMA DA EN-550 DE A CORUÑA A VIGO, ENTRE OS PP.KK. 0 Ò 14, TRAMO REDONDELA A O PORRIÑO: ABASTECEMENTO, SANEAMENTO E VARIOS NO MUNICIPIO DE REDONDELA".-

Abandona o Salón de Sesións o Concelleiro SR. TORNERO

LOPEZ.

4.- APROBACIÓN ACTA RECEPCIÓN OBRAS DE "MELLORA DA PLATAFORMA DA EN-550 DE A CORUÑA A VIGO, ENTRE OS PP.KK. 0 Ó 14, TRAMO REDONDELA A PORRIÑO: ILUMINACIÓN NO CONCELLO DE REDONDELA".-

Pola Presidencia dase conta de Proposta da Alcaldía de data 16 de Decembro de 1997, que transcrita dí:

"Polo Ministerio de Fomento tense concedido a este Concello axuda económica por importe de 44.561.763.- Pesetas para financiar ó 100% as obras do proxecto de MELLORA DA PLATAFORMA DA EN-550 DE A CORUÑA A VIGO, ENTRE OS PP.KK. 0 Ó 14, TRAMO REDONDELA A O PORRIÑO: ILUMINACIÓN NO CONCELLO DE REDONDELA.

Para dar cumprimento ó requisito solicitado polo devandito Ministerio, asumido pola Alcaldía segundo escrito de data 2 de Xullo de 1997, referente á remisión de certificación autorizada polo Pleno da completa realización das obras conforme ó establecido nos proxectos aprobados, prego de cláusulas técnicas e administrativas particulares e contratos, como cuestión previa para facer efectivo o pago, esta Alcaldía, por razóns de urxencia derivadas do límite do prazo establecido para achega-lo devandito documento (antes do 20-12-97), somete á consideración do Concello Pleno, a seguinte PROPOSTA:

Vista a Acta de Recepción das obras do proxecto de MELLORA DA PLATAFORMA DA EN-550 DE A CORUÑA A VIGO, ENTRE OS PP.KK. 0 Ó 14, TRAMO REDONDELA A O PORRIÑO: ILUMINACIÓN NO CONCELLO DE REDONDELA, na que se indica que se procedeu ó recoñecemento das obras de referencia, facéndose constar que as mesmas foron executadas de acordo co contrato e que, na súa vista, polo representante do Concello, resolveuse recibi-las citadas obras, significando que a entrega non será firme ata que pola Corporación Municipal se acorde a súa aprobación.

Xa que logo, proponse ó Concello Pleno, a adopción do seguinte acordo:

Prestar aprobación á devandita Acta e na súa virtude ter por recibidas as obras ás que a mesma se refire, iniciándose o cómputo do prazo de garantía."

Así mesmo no expediente consta informe do Sr.

Secretario de data 16 de Decembro de 1997, que transcrito dí:

"Con frecuencia requírese desta Secretaría a emisión de informes en diversos asuntos, pero non deste asunto que considero que é importante e que alegando a urxencia do mesmo convócase un Pleno extraordinario para a aprobación da referida Acta de Recepción da que non tiven coñecemento ata o instante da convocatoria do Pleno.

Considero que a aprobación da citada Acta de Recepción non é competencia do Pleno por non figurar esta materia entre as atribucións sinaladas a ese organo pola Lei 7/85 no seu Artigo 22, así como no Artigo 23 do RD. 2781/86.

A recepción das obras ven regulada no Artigo 147 en relación co 111.2 da Lei 13/95 de 18 de Maio de Contratos das Administracións Públicas que prevee que á recepción das obras concurrirá un facultativo representante da Administración, o facultativo encargado da dirección de obras e o contratista asistido, si o estima convinte, do seu facultativo.

Segundo sinala o Artigo 147.2 e 3 da Lei antes citada se as obras atópanse en bó estado e con arregro ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta as dará por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía que será o establecido no Prego de Condicións respectivo e nunca inferior a un ano."

Pola Presidencia ábrese o correspondente turno de intervencións.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. ALONSO LEMOS, por este sinálase que o criterio do equipo de goberno fai referencia a que o conxunto da obra obxecto da presente Acta de Recepción, fíxose atendendo a diversas necesidades, considerando que tales obras que contan con V° B° do Ministerio de Fomento son legais, e calificando a actitude da oposición de montaxe e artiluxo na súa exposición, así como de rocambolesca. Remata a súa intervención manifestando que non está de acordo co menosprecio da oposición a este equipo de goberno, indicando con respecto ó Concelleiro Sr. González Iglesias que os mesmos veranse na fiscalía.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. PAZOS DOCAMPO, por este sinálase que cando o Concelleiro Sr. Alonso Lemos fala de artiluxo, debe de referirse a que a oposición enriquece o idioma, pero que a intervención do aludido Sr. Concelleiro non defende o expediente en cuestión, porque en definitiva non coñece o mesmo.

Remata a súa intervención o citado Sr. Concelleiro dicindo que no informe do Enxeñeiro Director das Obras en cuestión indícase que as mesmas non só se fan na estrada 550 senón noutras, e que as inversións feitas polos aumentos de obra en nada refírese ó proxecto respectivo, e tendo en conta o manifestado polas irregularidades observadas no expediente indica que votará en contra da proposta que se presenta a este Pleno.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. GONZALEZ IGLESIAS, por este maniféstase que as obras en cuestión se refiren ó tramo da estrada que conduce a Porriño, e que se fixeron noutras estradas o que califica de irregular, e que segundo manifestou o Concelleiro Sr. Alonso Lemos as melloras se fixeron atendendo ás distintas peticións, e remata a súa intervención indicando que votará en contra da citada proposta.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. ALONSO LEMOS, por este sinálase que o presente asunto non é dunha area que lle corresponde, pero que o mesmo foi consensuado polo equipo de goberno co Ministerio de Fomento, e que o que fala a oposición neste asunto, trátase dunha falacia barata, calificando a conducta do equipo de goberno como de moito mellor que a da oposición, cando a mesma estaba no goberno no Concello de Redondela, e remata a súa intervención dicindo que o equipo de goberno só mellorou as obras previstas no correspondente expediente.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. PAZOS DOCAMPO, por este maniféstase que é lóxico que o Concelleiro SR. Alonso Lemos lle vote unha man á Presidencia, e que pode ser certo como dí o Sr. Alonso Lemos que haxa un amparo legal nas actuacións do equipo de goberno, pero que tamén pode ser unha mentira do Sr. Alonso Lemos como ocurriu noutras ocasións. Remata a súa intervención o citado Sr. Concelleiro dicindo que si se presupón que hai outra documentación non coñecida polo que fala neste asunto, e esa presunción é certa, a cuestión e moi grave porque se estaría ocultando documentación a membros desta Corporación, e senón o Sr. Alonso Lemos debería dimitir como Concelleiro, reiterando finalmente o seu voto negativo á proposta obxecto deste asunto da Orde do Día.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. REI BARREIRO, polo mesmo e como aclaración pregunta si hai autorización documental de Obras Públicas para face-las obras obxecto deste asunto, e dí que nese caso votarían a favor, manifestando que hai un diñeiro finalista para esas obras e que sí hai un escrito de Obras Públicas autorizando a modificación do proxecto, votaría como dixo antes a favor das mesmas.

Polo Sr. Alcalde-Presidente se lle resposta que as obras están feitas legalmente.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. REI BARREIRO, por este maniféstase que respeta a palabra do Sr. Alcalde-Presidente, pero que neste asunto só lle valen os documentos.

Non habendo unanimidade de criterios, pola Presidencia sométese este asunto a votación.

Efectuada esta, obtido o seguinte resultado: Votan en contra da proposta da Alcaldía os/as Sres./as Concelleiros do PSdeG-PSOE (6), e os Sres./as Concelleiros do BNG (3); Votan a favor da Proposta da Alcaldía, os/as Sres./as Concelleiros/as do PP (9), e os Sres. Concelleiros do Grupo Mixto (2). Na súa consecuencia, e por maioría de votos, resultou aprobada a Proposta da Alcaldía antes transcrita, referente á Acta de Recepción das obras do proxecto de MELLORA DA PLATAFORMA DA EN-550 DE A CORUÑA A VIGO, ENTRE OS PP.KK. 0 Ò 14, TRAMO REDONDELA A O PORRIÑO: ILUMINACIÓN NO CONCELLO DE REDONDELA.-

E, non sendo outro o obxecto desta sesión, pola Presidencia levántase a mesma, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende o folio 180 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 0361423 a 0361425 e 0361428 a 0361429, ata a volta do folio 184 , Serie A nº 0361429, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE | **O SECRETARIO**

AMADO RICON VIRULEGIO | **LUIS TORRADO VAZQUEZ**

DILIXENCIA

Para facer constar que o presente **Libro de Actas do Concello Pleno,** péchase coa transcrición da sesión celebrada con carácter extraordinario e urxente o día **17 de Decembro de 1.997,** que remata no folio nº 184, dos 185 que son os que compoñen o presente Libro.

Redondela, 17 de Decembro de 1.997.

O SECRETARIO

PLENOS

1997